



DATOS IDENTIFICATIVOS

Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros

Materia	Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros			
Código	V09M148V01110			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Saavedra González, María Ángeles Caparrini Marín, Natalia			
Profesorado	Caparrini Marín, Natalia Saavedra González, María Ángeles			
Correo-e	saavedra@uvigo.es nataliac@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	O obxectivo principal da materia é realizar unha primeira aproximación á avaliación dun xacemento mineral mediante softwares específicos. Para iso van tratar os principais conceptos na modelización e avaliación de recursos mineiros, a continuación traballarase con bases de datos de sondaxes e realizarase o tratamento das mesmas e por último aplicáranse estimadores xeostadísticos para a cubicación do xacemento.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B2	Comprensión dos múltiples condicionamentos de carácter técnico, legal e da propiedade que se expoñen no proxecto dunha planta ou instalación, e capacidade para establecer diferentes alternativas válidas, elixir a óptima e plasmala adecuadamente, prevendo os problemas do seu desenvolvemento, e empregando os métodos e tecnoloxías máis adecuadas, tanto tradicionais como innovadores, coa finalidade de conseguir a maior eficacia e favorecer o progreso e un desenvolvemento da sociedade sustentable e respectuoso co medio ambiente
B3	Coñecemento, comprensión e capacidade para aplicar a lexislación necesaria no exercicio da profesión de Enxeñeiro de Minas
C1	Coñecemento adecuado de modelización, avaliación e xestión de recursos xeolóxicos, incluídas as augas subterráneas, minerais e termais.
C11	Capacidade para a exploración, investigación, modelización e avaliación de xacementos de recursos xeolóxicos.
D5	Ser capaz de asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización nun ou máis campos de estudo.
D9	Favorecer o traballo cooperativo, as capacidades de comunicación, organización, planificación e aceptación de responsabilidades nun ambiente de traballo multilingüe e multidisciplinar, que favoreza a educación para a igualdade, para a paz e para o respecto dos dereitos fundamentais.
D12	Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión de aspectos teóricos e prácticos, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas novas e definidas de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Dominar a terminoloxía do ámbito da modelización e avaliación de recursos mineiros.	A2 B3 C1 C11 D12
Elaborar bases de datos e tratamentos dos mesmos para a avaliación dun xacemento.	A5 C1 C11 D5
Aplicar a Geoestadística ao estudo e estimación dun xacemento.	A2 A5 B2 C1 C11 D5
Realizar unha primeira aproximación á avaliación dun xacemento.	A2 A5 B2 B3 C1 C11 D5 D9 D12

Contidos

Tema	
1. Introducción	Fases dun proxecto mineiro. Estudos de Viabilidade. Sistemas e criterios de clasificación de recursos e reservas.
2. A modelización do depósito mineral	Modelo xeolóxico. Modelo xeométrico. Modelo numérico. Modelo económico.
3. Sistemática do proceso de estimación de reservas.	Creación e depuración da base de datos. Análise estatística. Regularización dos datos. Contornos do xacemento. Discretización do xacemento. Análise estrutural. Estimación de Reservas.
4. Exploración xeoestadística de xacementos minerais.	Caracterización de recursos e reservas. Predición xeoestadística de xacementos minerais. Avaliación das predicións e validación dos métodos seleccionados.
5. Parámetros Económicos Básicos para a avaliación dun depósito mineral.	A función Tonelaxe-Lei. Dilución. Recuperación. Rendemento. Ratios. Estimación de custos. Prezo dos metais e minerais. Lei de Corte.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	20	28
Prácticas con apoio das TIC	28	20	48
Resolución de problemas	12	15	27
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	20	20
Estudo de casos	0	25	25
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios científico-técnicos, de idiomas, etc).
Resolución de problemas	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tempo para atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do Moovi).
Prácticas con apoio das TIC	Tempo para atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do Moovi).
Resolución de problemas	Tempo para atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos horarios de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do Moovi).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Informe de prácticas, O estudiantado resolverá ao longo do período lectivo unha serie de prácticum e prácticas exercicios que deberá presentar para a súa avaliación. externas	20	A2 B2 C1 D5 A5 B3 C11 D9 D12
Estudo de casos Entrega, ao remate do período lectivo, dos resultados dun caso real de estudo proposto ao comezo do curso e que se vai resolvendo a medida que se avanza na teoría e nas prácticas da materia.	40	A2 B2 C1 D5 A5 B3 C11 D9 D12
Resolución de problemas e/ou exercicios Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo e condicións establecidas polo profesorado. Dita proba realizarase na data oficial de exame da materia establecida polo centro	40	A2 B2 C1 D5 A5 B3 C11 D9 D12

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación global:

Para o estudiantado que rexeita a avaliación continua, nos prazos establecidos polo centro, a cualificación será:

50% Resolución de problemas e/ou exercicios: Exame de resolución de exercicios que se realizará na data oficial do exame da materia establecida polo centro.

50% Estudo de casos: Entrega, ata a data oficial do exame da materia, dos resultados dun caso real de estudo proposto ao comezo do curso.

2ª Oportunidade:

Tanto na avaliación continua como na avaliación global, as metodoloxías e porcentaxes das probas serán iguais á 1ª oportunidade.

No caso de que presenten e aproben a memoria de prácticas e/ou o caso práctico na 1ª oportunidade, conservarase a nota.

Se non o presentaron ou o suspenderon deberán presentalo na 2ª oportunidade.

A validez do caso práctico e/ou da memoria de prácticas é dun ano académico

Calendario de exames. Verificar/consultar de forma actualizada en la página web del centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/es/docencia/examenes>

Bibliografía. Fuentes de información

Bibliografía Básica

López Jimeno, Carlos, **Manual de Evaluación Técnico-Económica de proyectos mineros de Inversión**, ITGE, 2000

Castañón Fernández, Cesar, **Manual de Recursos Mineros (RecMin)**, RecMin, 2014

Diggle, Peter J. y Ribeiro, Paulo J., **Model-based geostatistics**, Springer, 2006

Journel, Andre G, **Fundamentals of Geostatistics in Five Lessons**, American Geophysical Union, 2013

Bibliografía Complementaria

Recomendacións
